

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/>



Agradecemos ao escritor Manuel Gago o seu texto sobre o libro e a lectura, un agasallo para as Bibliotecas Escolares de Galicia no Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor/2020. A imaxe é unha colaboración, así mesmo, de Harold Iglesias.

*23 de abril de 2020*

*Día Mundial do Libro*





*Ler fainos únicos.*

*Cada vez que abrimos un libro, cada un de nós atópase co resto da humanidade, coas persoas do noso tempo e con aquelas outras que viviron hai centos de anos. Todos, os que están e os que xa non están, atopámonos para sempre entre as palabras. E ninguén le o mesmo libro, porque os libros fálannos distinto a cada un de nós.*

*Cada libro que lemos queda gardado no noso peito como semente, paxaro ou xabarín. E sempre, ás veces moitos anos despois, remata por saír, levando algo de nós.*

**Manuel Gago**